

Peto de ánimas de Godela



Descrición

Pertence ós petos de tipo de edícula ou templete.

Consta de dous corpos:

Inferior: De forma prismática, rematado nunha repisa que serve de base ao retábulo. Posue inscricións.

Superior: Neste corpo ábrese ó nicho onde se atopa un retábulo policromado. Con inscrición. Estes corpos están cubertos por un templete sustentado por dúas pilastras con decoracións, rematadas en capiteis prismáticos con molduras que soportan un frontal con inscricións. Sobre este, unha cornixa a dúas augas. No cumio, un pedestal troncopiramidal con molduras, con caveira e tibias. Sobre él, unha cruz. A ámbolos dous lados, pináculos cónicos. Na parte posterior, sobre columniña, hai un curioso reloxo de sol circular.

Retábulo: Atópase na parte superior unha cabeza de anxo; no centro, sobre nube, un San Antón e a Virxe do Carmen. Na parte inferior, cinco ánimas no purgatorio.

Data de colocación: 1844.

Propiedade: Pública.

Adscrición cultural

Contemporánea

Tipoloxía

Peto de ánimas

LOCALIZACIÓN

Parroquia

Augasantas

Lugar

O Trebello

Coordenadas UTMT29 ETRS89

X: 545868 Y: 4697728

Coordenadas WGS84

Lonxitude: -8.443923 O

Latitude: 42.428587 N

